

AS ÉTICAS MATERIALES E A BÚSQUEDA DA FELICIDADE

As éticas da felicidade, as éticas consecuencialistas ou teleolóxicas ou éticas materiais afirman que a conduta moral determínase polos seus resultados. Unha conduta é boa moralmente se nos permite conseguir un determinado fin, que normalmente coincide coa felicidade. As características das éticas da felicidade son:

- As súas normas están dirixidas á **consecución dun ben supremo e fin último** que todos os seres humanos perseguimos e que coincide coa **felicidade**.
- Nas distintas éticas materiais, **a felicidade enténdese de diferente maneira**: pracer, autorrealización, bens materiais (éxito, diñeiro, fama), salvación eterna, xustiza social, utilidade individual ou colectiva.
- **As súas normas non poden ser universais e necesarias**, xa que só valen baixo certas condicións, pois son medios para conseguir un fin: a felicidade entendida dunha determinada maneira. Pero non todos perseguen ese fin nin entenden a felicidade da mesma maneira, **polo tanto son relativistas**.

Entre estas teorías éticas destacan o **eudemonismo**, o **hedonismo**, o **estoicismo**, a **ética cristiá** e o **utilitarismo**.

A) O EUDEIMONISMO: A FELICIDADE CONSISTE NA PRUDENCIA E NA AUTARQUÍA.

Aristóteles é considerado o pai desta corrente ética, o **eudemonismo**. Según Aristóteles todo na natureza tende cara algún **fin** (telos), e por tanto, a acción humana tamén tende a un fin.

A **ética** é a parte da filosofía que se adica ao estudo da **acción humana**, pero non de calquera acción, se adica o estudo daquelas acción que están precedidas dunha motivación, dunha **deliberación para poder elixir racionalmente**. Noutras palabras, a ética se ocupa do estudo dun determinado tipo de acción, a **acción moral**. Aristóteles considera que así como hai moitos seres e accións, tamén **hai moitos fins e moitos bens**. Non todos perseguen os mesmos fins, entre os seres humanos, uns buscan o pracer, outros o diñeiro, outros o poder... **A cuestión é saber cal é o fin perfecto**.

Chamamos **fin perfecto a aquel que se quere por si mesmo e cara o cal se orientan todos os demais fins**, aquel cuxa consecución debe orientar toda a vida humana, aquel que debe proporcionar ao ser humano a súa perfección como ser.

Os **bens e os fins que non son perfectos son soamente medios para alcanzar outro ben ou fin**, como ocorre cos instrumentos, que os utilizamos como medios para alcanzar cousas. Por exemplo: non buscamos a riqueza por si mesma senón para rodearnos de cousas que cremos necesitar. Polo tanto, a riqueza non é o fin perfecto que se busca.

Aristóteles cree que o **fin perfecto, aquel que se busca por si mesmo e non por outra cousa, é a felicidade**. A felicidade é o único ben ou fin que se busca por si mesmo, mentres que os outros fins o bens búscanse como medios para conseguir a felicidade. Como en grego felicidade se di *eudaimonía*, a **ética** de Aristóteles recibe o nome de **eudemonista**.

Unha vez decidido que a felicidade é o fin perfecto que persegue o ser humano. Aristóteles se pregunta **en que consiste concretamente a felicidade**. Rexeita que a felicidade consista na acumulación de riquezas, porque trátase de bens que non se buscan por si

mesmos, senón como medios para logras outros bens; y tamén que a felicidade consista no gozo dos praceres e os honores, porque non son bens apropiados á natureza humana. Entón, ¿cal é o último fin dos seres humanos?: Aristóteles razoa do seguinte modo: Así como temos claro cal é o fin dun músico, dun escultor e dun médico posto que está directamente relacionado coa súa función (o fin do músico é tocar música, o do escultor crear esculturas, o do médico é sanar aos seus pacientes) Aristóteles cre que debemos preguntarnos pola función propia do ser humano en canto ser humano.

¿Cal é entón a función ou actividade propiamente humana? Non as que teñen relación coa nutrición ou a sensación, como o pracer, pois esas son actividades comúns ao ser humano e os animais. Especificamente humano só queda a función ou actividade racional. **A felicidade do ser humano**, conclúe Aristóteles, **ten que ter relación coa súa función ou actividade racional**. Como o ser humano distínguese dos demais seres pola súa racionalidade, o fin do ser humano, e por tanto a súa felicidade, a logrará o ser humano **facendo uso da** facultade que lle é propia: **a razón**. En definitiva, Aristóteles **define a felicidade como unha actividade da alma** (non se pode ser feliz na pasividade) **conforme á razón e ao longo dunha vida completa** (non poden ser felices os nenos, por exemplo).

Agora ben, así como a función dun músico é facer música e de un bo músico facer boa música, a función do ser humano non é só usar **a razón senón cultivala dun xeito excelente**. A **virtude** é o **hábito** ou disposición **estable a exercitar dun xeito excelente** a facultade propia do ser humano: **a razón**. Non se nace virtuoso senón que hai que aprender a sê-lo (non me porto ben porque son bo, senón que son bo porque me porto ben). É o froito dunha educación que ten que empezar dende a infancia.

Ademais a de ser un hábito, a **virtude atópase no xusto medio** entre dous extremos, un por exceso e outro por defecto. A dificultade está en saber quen é a persoa que determina ese termo medio. Segundo Aristóteles o xusto medio o mostra o **“home prudente”** co seu exemplo.

Para Aristóteles as **virtudes** poden ser de **dous tipos**:

- As **virtudes éticas**, que teñen que ver co **comportamento**, e **se adquiren e consolidan co exercicio e a práctica**. Entre estas virtudes inclúe: a xenerosidade, a veracidade, a moderación, o valor, que son termos medios entre extremos; así o valor é un término medio entre temeridade e cobardía. De tódalas virtudes éticas a máis importante é a **xustiza** posto que é aquela na que se asenta a solidariedade necesaria para a cohesión da pólis. Do mesmo xeito, que a xustiza é a maior virtude ética porque garantiza a convivencia na pólis, a inxustiza é o peor mal porque pon en perigo a estabilidade social.
- As **virtudes dianoéticas**, teñen que ver principalmente co **coñecemento, co cultivo da ciencia**. As virtudes dianoéticas son principalmente a **prudencia** e a **sabedoría**. A **prudencia** é moi importante porque é a que nos permite **establecer** cal é o **xusto medio**, pero a virtude **máis perfecta**, e dicir, **o exercicio máis excelente da razón** corresponde a **sabedoría**, que consiste na actividade contemplativa das primeiras causas, esta actividade practicamente iguala ao ser humano cos deuses, xa que non necesitan de nada máis que de si mesmos. Neste sentido a felicidade se entende como **autarquía**, como autosuficiencia.

Agora ben, na práctica o ser humano, para **ser feliz**, nos di Aristóteles non só debe levar unha vida **virtuosa**, necesita igualmente **gozar** de algúns **bens corporais**, como a saúde e de algúns **bens exteriores**, como os medios económicos. En definitiva, a felicidade para Aristóteles sitúase no **medio** entre a virtude e o benestar. Por outra banda, considera que é a

polis-Estado a que debe garantir os bens para que os cidadáns podan adicarse a desenvolver a virtude, polo que podemos dicir, que **en Aristóteles atopamos unha primeira idea do que coñecemos como Estado de Benestar.**

B) HEDONISMO: A FELICIDADE COMO PRACER

A palabra **hedonismo** provén do termo grego *hedoné*, que significa **pracer**. Se considera hedonista toda doutrina que identifica o pracer co ben e que concibe a felicidade no marco dunha vida pracenteira. Aínda que existen moitas teorías hedonistas, difiren na súa definición de pracer:

- **Aristipo** (435 a.C.), discípulo de Sócrates e fundador da escola **cirenaica**, sostíña que a finalidade da vida é o **pracer**, entendido en sentido positivo como **goce sensorial**.
- **Epicuro** (s. IV-III a.C.), fundador do epicureísmo, tamén identifica a felicidade co pracer, sen embargo, define o **pracer** como a **ausencia de dor e perturbacións**. Non se trata, polo tanto, de buscar o pracer sensual do corpo, senón a ausencia de pesar do alma. Esta serenidade e tranquilidade da alma se coñece polo nome de **ataraxia**, e é o obxectivo que debe perseguir todo ser humano xa que é a verdadeira esencia da felicidade.

A **persoa sabia** é xustamente aquela que **sabe facer o cálculo entre que praceres deben complacerse e cales rexeitarse**. Para elo Epicuro distingue tres tipos de desexos e dá nos normas para satisfacelos e así maximizar o pracer e minimizar a dor:

- a. **Desexos naturais necesarios:** máis que desexos son necesidades primarias e biolóxicas: alimentarse, beber e durmir. A súa satisfacción sempre fai feliz o ser humano.
- b. **Desexos naturais non necesarios:** nacen do desexo dos seres humanos de variar e obter máis pracer da vida. Por exemplo, satisfacer o apetito cun prato exquisito e non cunha peza de pan, satisfacer a sede cun zume e non con auga, etc.
- c. **Desexos non naturais e non necesarios:** o luxo, o poder, a riqueza, a gloria, o prestixio e os honores. A estes desexos debemos renunciar, pois non se sacian nunca, canto máis temos máis queremos, e por tanto, se converten en fonte de dor e sufrimento.

C) O ESTOICISMO: A FELICIDADE COMO ACEPTACIÓN DO DESTINO

O fundador do estoicismo é o pensador grego **Zenón de Citio** (s. IV a.C.). Sen embargo foi **Crisipo de Solos** quen dirixiu e levou a escola da **Stoa** (ubicada no pórtico pintado de Atenas), a alcanzar un gran recoñecemento, tanto que foi a disciplina ética que máis perdurou na antigüidade. As súas ideas tiveron século máis tarde seguidores como **Séneca** ou **Marco Aurelio**.

Segundo os estoicos, todo o universo e canto nel ocorre está rexido, dirixido e determinado por unha **lei, principio ou razón universal** que todo o controla e domina. Polo tanto, o ser humano se atopa limitado por un **destino inexorable** que non pode controlar e ante o que tan só pode manterse sabiamente unha actitude de **aceptación**. O ser humano non é capaz de captar esa providencia e determinación polo que pensa que cando decide faino libremente pero en realidade non pode actuar doutro xeito xa que está predestinado.

Polo tanto para os estoicos, a **infelicidade** é causada polo **desexo** de que as **cousas sexan distintas de como son**, dado que con frecuencia as paixóns oscurecen a razón. Por elo, a virtude consiste na **eliminación de todas as paixóns** e a **aceptación do destino** que nos leva ao **ideal ético**, que consiste na **tranquilidade de ánimo e á imperturbabilidade** (apátheia): **permanecer impasibles ante todo aquilo que non dependa de nós**. O noso obxectivo é a non

resistencia ao que é e ao que non pode ser, a través do autocontrol e a eliminación das paixóns (a dor, o temor, o desexo e as emocións). É dicir, o noso obxectivo é comprender e aceptar o que non podemos cambiar, dese modo chegamos á **imperturbabilidade da alma** ou **ataraxia estoica**, que parécese ao **nirvana** dos budistas (estado no que nada se necesita que veña de fora nin sequera alimentos). A norma moral para conseguir semellante obxectivo é un férreo dominio da vontade, unha disciplina case inhumana. Por último, remarcar que non hai que confundir a aceptación estoica coa resignación, o conformismo ou a inactividade.

D) A ÉTICA CÍNICA: A FELICIDADE COMO LIBERDADE ABSOLUTA: NON DEPENDER DE ABSOLUTAMENTE NADA E RENUNCIAR A TODA POSESIÓN MATERIAL.

A escola ou máis ben modo de vida cínico foi fundado por Antístenes s. V a.C. en Atenas. A máxima deste pensamento era a liberdade entendida esta como autarquía ou autosuficiencia extrema xa que rexeitaba todos os bens materiais e consideraban a vida social establecida como unha vida inauténtica polo que se apartaban das normas establecidas. Estaban máis a favor de vivir segundo as normas naturais que as normas sociais. O nome de cínico provén do grego **kínikos** que significa **can**, e precisamente vivían como cans vagabundos. A única posesión que tiñan era a súa vestimenta que tamén servíalles como saco de durmir.

Non se consideran unha escola filosófica porque rexeitaban toda especulación teórica e o único que lles interesaba era a ética, saber como vivir ben e feliz. Sobre os cínicos non atopamos escritos pero si algunhas referencias na obra de Platón, quen foi tremendamente crítico con eles sobre todo con Antístenes que o fai participar como un dos invitados na súa obra O Banquete.

O cínico máis coñecido é **Diógenes de Sinope**, aquel que vivía nunha ánfora, masturbábase en público e mesmo atreveuse a contestar insolentemente ao mesmo Alexandro Magno. O único que gardamos sobre Diógenes son anécdotas. Outros cínicos foron **Crates**, **Metrocles** e a súa irmá **Hiparquía** (filósofa). Esta última contraxo matrimonio co seu mestre Crates en contra dos desexos da súa familia, renunciando a toda posesión e herdanza.

No seguinte link podedes consultar información e anécdotas destes filósofos cínicos que sen deixar ningunha teoría filosófica deron exemplo do seu pensamento a través da súa forma de vida.

<http://www.paginasobrefilosofia.com/html/TeoriasEticas/EticaCinicos/cinicos.html>

E) A ÉTICA CRISTIÁ: A FELICIDADE COMO A VIDA ETERNA

Na ética cristiá a felicidade consiste en chegar a ser dignos ante Deus e, así, merecedores da vida eterna. Isto conséguese seguindo os preceptos da **lei natural**.

Un dos seus máximos representantes é o filósofo escolástico Tomé de Aquino (s. XIII d.C.). A el débese a formulación do concepto de lei natural, que é a parte da **lei eterna** (lei coa que Deus rexe toda a creación) que lle concerne aos seres humanos: seres racionais e libres creados á imaxe e semellanza de Deus. O ser humano séntese naturalmente inclinado a seguir a lei natural, cuxo **precepto fundamental é facer o ben e evitar o mal**. Dese precepto fundamental séguense outros tres secundarios que lle dan contido ao ben:

- a. **O precepto de conservación da vida.** É bo todo o que conserva a vida e malo o que a acaba. É unha tendencia natural que compartimos con todos os seres vivos.
- b. **O precepto de procrear e coidar da especie.** É unha tendencia que compartimos cos animais.

- c. **O precepto de buscar a verdade.** E sobre todo buscar a suma verdade que é Deus. É unha tendencia exclusiva do ser humano.

Tomé de Aquino tamén nos fala de **lei positiva**, a que os seres humanos elaboramos nos nosos ordenamentos xurídicos. Debe ser a realización xurídica e política de tales disposicións naturais, segundo os problemas e circunstancias de cada tempo. **A lei positiva non pode ser contraria a lei natural, a ten que respetar.**

F) UTILITARISMO: A FELICIDADE COMO UTILIDADE OU BEN COMÚN

O utilitarismo é unha doutrina ética que xurdiu en Inglaterra no s. XVIII con **Jeremy Bentham** e que no s. XIX foi desenvoltoa por **John Stuart Mill**.

Segundo esta doutrina, o fin último da ética é establecer que **accións son boas** para a consecución do **pracer**. A finalidade do pracer é a **felicidade**, incluso cando desexamos fama, riqueza, poder, etc. realmente é para alcanzar a felicidade, polo que eses fins en realidade son medios na consecución do fin último. Ata aquí recorda a unha mestura da ética hedonista e a ética de Aristóteles.

A diferenza atopámola cando preguntamos que se entende por acción boa. **A acción boa é a acción útil**, é dicir aquela produce felicidade. Atopámonos entón con dúas dimensión: unha **individual** (a miña felicidade) e outra **social** (a felicidade do grupo social). Como a ética trata da vida en sociedade, o principio que postula esta teoría débese rexir polo **principio de utilidade ou interese da maioría**. De aí o principio utilitarista por excelencia: **unha acción é boa cando produce a maior felicidade para o maior número de persoas**. En cada acción debemos calcular a cantidade de utilidade ou inutilidade que proporcionará. Pero como o ser humano vive en sociedade, o cálculo do interese debe facerse en relación coa utilidade colectiva.

Polo tanto, o valor moral das acción virá marcado polos resultados da acción non só a nivel individual senón a nivel colectivo.

Por outra banda, Mill establece que **non todos os praceres teñen o mesmo valor e diferenza entre praceres sensuais e praceres intelectuais**. Considera os sensuais inferiores aos intelectuais, xa que os primeiros proporcionan unha satisfacción non moral e de curta duración (como a que nos pode proporcionar comer certo alimento), mentres que as segundas, están relacionadas co crecemento e desenvolvemento persoal e son compatibles co ben común e polo tanto co principio utilitarista da maior felicidade para o maior número de xente.

Neste link tendes un esquema da ética de John Stuart Mill elaborado por Luna Pineda <https://www.youtube.com/watch?v=ffUP6H8hBoc>